PARLAMENTO DE GALICIA

# EMENDAS PRESENTADAS ÁS PNP E MOC PARA O PLENO DO 06/05/2025

PARLAMENTO DE GALICIA

3. Mocións. 3
3.1 12/MOC-000059(0023936) 3
(0023936) Entrada da iniciativa 4
(0024914) Emendas dos grupos parlamentarios 6
3.3 12/MOC-000061(0024010) 8
(0024010) Entrada da iniciativa 9
(0024857) Emendas dos grupos parlamentarios 11
4. Proposicións non de lei ante o pleno. 13
4.1 12/PNP-000705(0006902) 13
(0006902) Entrada da iniciativa 14
(0024913) Emendas dos Grupos Parlamentarios 17
(0024915) Emendas dos Grupos Parlamentarios 19
4.3 12/PNP-001817(0022506) 21
(0022506) Entrada da iniciativa 22
(0024867) Emendas dos Grupos Parlamentarios 25
(0024912) Emendas dos Grupos Parlamentarios 27
4.4 12/PNP-001829(0022562) 34
(0022562) Entrada da iniciativa 35
(0024906) Emendas dos Grupos Parlamentarios 38
4.6 12/PNP-001865(0022960) 40
(0022960) Entrada da iniciativa 41
(0024143) Solicitude corrección erros 45
(0024918) Emendas dos Grupos Parlamentarios 47

PARLAMENTO DE GALICIA

## 3. MOCIÓNS.

### 3.1 12/MOC-000059(0023936)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - María Elena Espinosa Mangana

Sobre as estratexias para rebaixar as listas de espera na sanidade pública galega (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 5712, publicada no BOPG núm. 40f1, do 19 de xuño de 2024, e debatida na sesión plenaria do día 8 de abril de 2025.)

PARLAMENTO DE GALICIA

(0023936) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2025 17:06:11
Nº Rexistro: 23936
Data envío: 10/04/2025 17:06:11.982

Grupo Parlamentario Socialista

**Á MESA DO PARLAMENTO**

**O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada, **María Elena Espinosa Mangana**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 8 de abril de 2025, sobre as estratexias para rebaixar as listas de espera na sanidade pública galega (doc. núm. 5712).

**MOCION**

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a:

1. Poñer en marcha todas as actuacións precisas para que, ao finalizar este ano, as listas oficiais de espera para unha intervención de cirurxía, rebaixen as promesas feitas pola Xunta de Galicia para o ano 23, que se situaban en 54 días.

2. Poñer en marcha todas as actuacións precisas para que, ao finalizar este ano, as listas oficiais de espera de cirurxía, conten con menos persoas que en pre-pandemia, seguindo as promesas feitas pola Xunta de Galicia no ano 23 e por tanto situalas por baixo de 35.720 persoas.

3. Poñer en marcha todas as actuacións precisas para que, ao finalizar este ano, as listas oficiais de espera para unha consulta, rebaixen as promesas feitas pola Xunta de Galicia para o ano 23, que se situaban en 42 días.

4. Poñer en marcha todas as actuacións precisas para que, ao finalizar este ano, as listas oficiais de espera de consultas, conten con menos persoas que en pre-pandemia, seguindo as promesas feitas pola Xunta de Galicia no ano 23 e por tanto situalas por baixo de 166.827 persoas.

CSV: REXPG-zs7V2HDXa-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2025 17:06:11
Nº Rexistro: 23936
Data envío: 10/04/2025 17:06:11.982

Grupo Parlamentario Socialista

5. Poñer en marcha todas as actuacións precisas para que, ao finalizar este ano, as listas oficiais de espera de probas diagnósticas, conten con menos persoas que en pre-pandemia, seguindo as promesas feitas pola Xunta de Galicia no ano 23 e por tanto situalas por baixo de 84.976 persoas.

Parlamento de Galicia, 10 de abril de 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Elena Espinosa Mangana na data 10/04/2025 16:36:34**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 10/04/2025 16:36:46**

CSV: REXPG-zs7V2HDXa-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

(0024914) Emendas dos grupos parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2025 18:10:20
Nº Rexistro: 24914
Data envío: 05/05/2025 18:10:20.146

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Moción**, doc. núm. **23936 (12/MOC-000059)**, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre as estratexias para rebaixar as listas de espera na sanidade pública galega, que figura na orde do día da sesión plenaria convocada para os vindeiros 6 e 7 de maio de 2025.

**Emenda de adición**

Engadir un novo punto 6 na parte resolutiva co seguinte texto:

"6. Poñer en marcha un plan no que se contemple tanto realizar as contratacións necesarias de persoal coma manter operativos todos os recursos cos que conta o SERGAS a día de hoxe, de xeito que o mecanismo para as reducións nas listas de espera sexan a través dun mellor funcionamento da sanidade pública e non a base de manter e incrementar a derivación de pacientes e recursos á sanidade privada."

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2025

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Deputada do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

CSV: REXPG-iYPn9dNj7-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2025 18:10:20
Nº Rexistro: 24914
Data envío: 05/05/2025 18:10:20.146

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Carreira Pazos na data 05/05/2025 18:09:22**

**Ana Pontón Mondelo na data 05/05/2025 18:09:26**

CSV: REXPG-iYPn9dNj7-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

**3.3 12/MOC-000061(0024010)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres

Sobre o proceso de selección do proxecto industrial de Altri e os compromisos adquiridos pola Sociedade Impulsa con esta empresa (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 19463, publicada no BOPG núm. 156f1, do 12 de febreiro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 8 de abril de 2025.)

PARLAMENTO DE GALICIA

(0024010) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2025 12:34:29
Nº Rexistro: 24010
Data envío: 11/04/2025 12:34:29.539

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 8 de abril, sobre o proceso de selección do proxecto industrial de Altri e os compromisos adquiridos pola Sociedade Impulsa con esta empresa (doc. núm **19463**, **[12/INT-000776]**).

**Moción**

"O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a:

1.- Facer pública, e enviar ao Parlamento, toda a documentación relacionada co desenvolvemento por Impulsa do "Proxecto tractor de xestión sostible dos bosques galegos", o concurso internacional no que foi seleccionada a empresa Altri, e os acordos asinados entre Impulsa e Altri nos anos 2021 e 2022 (Memorando de entendemento e acordos posteriores).

2.- Facer pública, e enviar ao Parlamento, a documentación completa da Declaración de Impacto Ambiental (informes sectoriais e documentos achegados pola empresa) do "proxecto industrial estratéxico da industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas" tamén coñecido como "macrocelulosa" de Altri.

3.- Atender as recomendacións do informe do Consello de Contas, e nomeadamente a seguinte en relación coas entidades "Impulsa Galicia" e "Recursos de Galicia": "*Establecer as medidas normativas e de xestión oportunas para transparentar a actuación financeira das entidades nas que a Xunta sexa o*

CSV: REXPG-4ca UFypbV-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2025 12:34:29
Nº Rexistro: 24010
Data envío: 11/04/2025 12:34:29.539

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*accionista, socio ou partícipe de referencia (principal socio ou partícipe público malia que non posúa illadamente o control) e para que a actuación destas entidades sexa sometida a control, supervisión pública e rendición de contas. En particular, esta recomendación resulta aplicable a Meisa e filiais, Sotavento, Impulsa Galicia e na sociedade para o aproveitamento sostible de recursos naturais de Galicia (RDG SA).*"

4.- Desistir do apoio á achega de 250 millóns de euros de fondos europeos a Altri e en contrapartida desenvolver un plan plurianual de investimentos nas comarcas de Arzúa, Terra de Melide, Ulloa e Deza, na contorna do río Ulla e na ría de Arousa destinado ao apoio ao desenvolvemento e vertebración de sectores económicos estratéxicos (agroalimentar, pesqueiro marisqueiro e acuícola, turístico...) e á protección, recuperación e rexeneración do río Ulla e dos seus afluentes, do encoro de Portodemouros e da ría de Arousa."

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Bará Torres na data 11/04/2025 12:32:51**

**CSV:** REXPG-caUFypbV-5
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

(0024857) Emendas dos grupos parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2025 13:29:49
Nº Rexistro: 24857
Data envío: 05/05/2025 13:29:49.033

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Moción**, doc. núm. **24010 (12/MOC-000061)**, do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, sobre o proceso de selección do proxecto industrial de Altri e os compromisos adquiridos pola Sociedade Impulsa con esta empresa, que figura na orde do día da sesión plenaria convocada para os vindeiros 6 e 7 de maio de 2025.

**Emenda de modificación**

Substituír o texto do punto 2 da moción polo seguinte:

"2.- Levar a cabo unha avaliación ambiental integral do proxecto da celulosa de Altri na Ulloa incluíndo a primeira e segunda fase (previsións máxima de uso de solo e de consumo de auga e eucalipto), avaliación de todas as infraestruturas do proxecto (planta química, liña de alta tensión de 3 km e nova subestación), e análise dos impactos sinérxicos e acumulativos."

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: REXPG-bRNOLhGTR-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2025 13:29:49
Nº Rexistro: 24857
Data envío: 05/05/2025 13:29:49.033

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Luis Bará Torres na data 05/05/2025 13:29:35**

**CSV:** REXPG-bRNOLhGTR-4
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

## 4. PROPOSICIÓNS NON DE LEI ANTE O PLENO.

### 4.1 12/PNP-000705(0006902)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Silvia Longueira Castro
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - María del Carmen Rodríguez Dacosta
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - María Elena Espinosa Mangana

Sobre as accións que o Goberno galego debe levar adiante respecto da loita contra a discriminación do colectivo LGTBIQ+ no ámbito laboral

PARLAMENTO DE GALICIA

(0006902) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/07/2024 13:35:10
Nº Rexistro: 6902
Data envío: 11/07/2024 13:35:10.943

PSG PSOE Grupo Parlamentario Socialista

**Á MESA DO PARLAMENTO**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Silvia Longueira Castro, Carmen Rodríguez Dacosta** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Nos últimos tempos vimos observando un retroceso tanto no discurso como nas actitudes e o intento de inxerencia dalgúns grupos políticos que enarborando a bandeira da liberdade, pretende conculcar os dereitos acadados. Convivimos con discursos de odio no día a día que derivan entre outras situacións lamentables e censurables, nun incremento neste último do número de agresións lgtbifóbicas na nosa comunidade.

En Galicia, contamos coa Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. Se nestes momentos lemos os seus títulos a súa posta en práctica quedou na maior parte das iniciativas nada máis que en papel mollado. Hai ademais un órgano impulsado e publicado no 2018 como é o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero que seis anos despois, e tal e como xa lamentamos en numerosas ocasións desde o Grupo Socialista non ten apenas actividade propia.

Unha soa xuntanza no 2022, e unha en 2023 pese a que a extinta Consellería de Igualdade se comprometera a cumprir co contemplado e pactado no propio Observatorio cun mínimo dunha xuntanza por trimestre. Por outra banda, en outubro do ano 2021 UGT presentaba un estudo sobre a situación das persoas LGTBI no traballo. No mesmo recollía que o 96 % das persoas LGTBIQ+ en

CSV: REXISTRO-9Yqdz8pO9-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/07/2024 13:35:10
Nº Rexistro: 6902
Data envío: 11/07/2024 13:35:10.943

PSG PSOE Grupo Parlamentario Socialista

Galicia, o 90 % no Estado, consideran un inconveniente esta condición á hora de encontrar traballo.

Tamén amosaba un dato demoledor, o 91 % na nosa Comunidade Autónoma considera necesario ocultar a súa orientación sexual e seis de cada dez traballadores en Galicia teñen vivido algunha agresión, dende comentarios de carácter despectivo, xestos ou agresións físicas. É importante resaltar que Galicia se atopaba así entre as tres comunidades onde a percepción da discriminación é máis alta, e sobre estes índices estima este grupo parlamentario que o Goberno galego vese na obriga de actuar.

Nunha interpelación sobre esta desigualdade no plano laboral do PSdeG a xa desaparecida Consellería de Igualdade asegurou no Pleno deste Parlamento que se estaba a elaborar un estudo sobre a realidade laboral das persoas LGTBIQ+ que vería a luz nos primeiros meses de 2022. Pese a insistir neste traballo, nada se sabe arredor deste traballo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Facer público o estudo anunciado pola extinta consellería de Igualdade sobre a realidade laboral das persoas LGTBIQ+.
2. Establecer medidas que garantan a plena igualdade respecto aos índices de empregabilidade das persoas LGTBIQ+.
3. Realizar itinerarios de empregabilidade que sirvan de apoio ás persoas LGTBIQ+.
4. Realizar un informe anual, a través do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, onde se dea

CSV: REXISTRO-9Yqcd8pO9-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/07/2024 13:35:10
Nº Rexistro: 6902
Data envío: 11/07/2024 13:35:10.943

PSG PSOE Grupo Parlamentario Socialista

conta dos índices de empregabilidade e das incidencias rexistradas en relación a busca de emprego das persoas LGTBIQ+.

5. Crear en cada consellería a figura do delegado especializado en materia LGBTI que teña a titulación dun grado superior en psicoloxía, relacións laborais, avogacía, traballo social, socioloxía, maxisterio ou o grao de Ciencias de la Cultura y Difusión Cultural que teña entre as súas funcións o seguimento das políticas transversais destinadas ao emprego do colectivo LGTBIQ+.

Santiago de Compostela, 11 de xullo do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 11/07/2024 13:29:29**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 11/07/2024 13:30:36**

**Elena Espinosa Mangana na data 11/07/2024 13:30:44**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 11/07/2024 13:30:51**

CSV: REXISTRO-9Yqdz8pO9-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0024913) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2025 18:10:10
Nº Rexistro: 24913
Data envío: 05/05/2025 18:10:10.787

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **6902 (12/PNP-000705)**, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre as accións que o Goberno galego debe levar adiante respecto da loita contra a discriminación do colectivo LGTBIQ+ no ámbito laboral, que figura na orde do día da sesión plenaria convocada para os vindeiros 6 e 7 de maio de 2025.

**Emenda de modificación**

Substituír o texto do punto 1 da parte resolutiva polo seguinte:

"1. Realizar novos estudos nos que, por unha banda, se analice de forma específica a realidade do colectivo trans a nivel laboral monitorizando a súa situación laboral, e pola outra, estudos máis completos onde se indague con maior perspectiva as interseccionalidades que afectan ás persoas LGBT no eido laboral."

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2025

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Deputada do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

CSV: REXPG-gs298xrQ6-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2025 18:10:10
Nº Rexistro: 24913
Data envío: 05/05/2025 18:10:10.787

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 05/05/2025 18:08:31**

**Iria Carreira Pazos na data 05/05/2025 18:08:34**

CSV: REXPG-ga28xrQ6-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

(0024915) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2025 18:10:45
Nº Rexistro: 24915
Data envío: 05/05/2025 18:10:45.052

PP | PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**O Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa do deputado **Noelia Pérez López,** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esta Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia **6902 (12/PNP-000705)** sobre "as accións que o Goberno galego debe levar adiante respecto da loita contra a discriminación do colectivo LGTBIQ+ no ámbito laboral" que será obxecto de debate na sesión plenaria do 6 de maio de 2025.

**Emenda de Substitución**

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1- Intensificar medidas para o colectivo LGTBI mantendo unha escoita activa, tanto no Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero como no grupo de traballo do diálogo social.

2- Crear a canle de denuncias sobre discriminación e acoso LGTBI coordinadamente coa Inspección de Traballo e Seguridade Social, segundo o acordado na mesa de traballo do diálogo social.

3- Manter e intensificar, se cabe, a elaboración de guías, exemplos de boas prácticas, cursos formativos, etc de diversidade, ampliando o catálogo dispoñible no apartado de Diversidade recollido na páxina web de https://aigualdadelaboral.gal

4- Elevar ao Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero os informes e estudos realizados en materia de diversidade laboral LGTBI polo grupo de traballo específico do Consello Galego de Relacións Laborais.



CSV: REXPG-MCE000g6-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2025 18:10:45
Nº Rexistro: 24915
Data envío: 05/05/2025 18:10:45.052

PP | PARLAMENTO DE GALICIA

5- Ofrecer formación específica sobre LGTBI ás persoas responsables de Igualdade de cada Consellería para facer seguimento das políticas transversais en materia de diversidade laboral LGTBI."

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 05/05/2025 17:54:08**

**Noelia Pérez López na data 05/05/2025 17:54:56**

CSV: REXPG-MCE000tg6-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

**4.3 12/PNP-001817(0022506)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Nicole Grueira Fernández
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Cristina Campero Dorado
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Deza Martínez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Luis Ferro Iglesias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Rubén Lorenzo Gómez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Argimiro Marnotes Fernández
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Carmen María Pomar Tojo
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Roberto Rodríguez Martínez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Gonzalo Trenor López
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Katherinie Varela Fernández

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central e a proposta de resolución que se presenta en relación coa rebaixa do nivel de protección do lobo

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0022506) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2025 10:44:23
Nº Rexistro: 22506
Data envío: 28/03/2025 10:44:23.723

PARLAMENTO
DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Ángel Viso Diéguez, Raquel Arias Rodríguez, Cristina Sanz Arias, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Katherinie Varela Fernández, Cristina Campero Dorado, Encarna Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernandez, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno polo trámite de urxencia.**

**Xusficación da Urxencia:**

A urxencia ven motivada pola necesidade de ter unha posición en sede Parlamentaria logo do acordo no pleno do Congreso dos deputados.

**Exposición de Motivos:**

O Pleno do Congreso dos Deputados acordou rebaixar a protección do lobo ao norte do río Douro grazas á aprobación de varias emendas incluídas nun proxecto de lei estatal. A Cámara baixa corrixe deste xeito a errada decisión do Goberno de España que en 2021 incluíu o lobo no Listado de especies silvestres en réxime de protección especial (Lesrpe), de xeito unilateral e sen aval científico.

Galicia foi unha das comunidades que liderou esta demanda, da man das principais organizacións agrarias, coa pretensión de adoptar medidas de control do lobo e restablecer o equilibrio entre a protección da especie e das actividades gandeiras desenvolvidas no rural. Estes cambios son o froito de tres longos anos de traballo expoñendo ante todos os órganos e institucións -nacionais e europeos- a necesidade de mudar o status actual. **É** máis que evidente que non tiña ningún sentido manter ese nivel de protección.

Unha vez aprobadas as emendas para a exclusión do lobo do Lesrpe, a adopción de medidas para frear o impacto nas explotacións agrarias se aplicarán unha vez que a Lei de desperdicio alimentario sexa publicada no Boletín Oficial do Estado e entre en vigor. Entón, a especie deixará de estar especialmente protexida e deberían poder impulsarse accións de xestión, especialmente naquelas zonas con maior número de ataques do lobo.



CSV: REXPG-wNPBQUmTW-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2025 10:44:23
Nº Rexistro: 22506
Data envío: 28/03/2025 10:44:23.723

PP | PARLAMENTO DE GALICIA

Cómpre lembrar que a imposibilidade de adoptar medidas de control ata o momento, está a dificultar a convivencia do lobo co sector gandeiro, con moitas familias ao límite por non poder afrontar as perdas derivadas dos ataques desta especie silvestre. De feito, desde o ano 2021 -no que se incluíu o lobo no Lesrpe- os avisos por danos disparáronse preto dun 77% e as reses afectadas por ataques da especie aumentaron

un 57% -cunha media de 10 animais atacados ao día-, levando a moitas explotacións a unha situación insostible.

Polo exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

"O Parlamento de Galicia acorda, como Resolución, manifestar o seu apoio á rebaixa do nivel de protección do lobo e, deste xeito, restablecer o equilibrio entre a preservación desta especie e as actividades gandeiras desenvolvidas no rural.

Asemade, insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para que apoie ás ás comunidades autónomas no desenvolvemento das accións oportunas e que sexan precisas para a xestión do lobo e coas que defender os intereses dos gandeiros".

Santiago de Compostela, 28 de marzo 2025.

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 28/03/2025 10:34:09**

**Miguel Ángel Viso Diéguez na data 28/03/2025 10:34:25**

**Raquel Arias Rodríguez na data 28/03/2025 10:34:35**

**Cristina Sanz Arias na data 28/03/2025 10:34:45**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 28/03/2025 10:35:04**

**Argimiro Marnotes Fernández na data 28/03/2025 10:35:21**



CSV: REXPG-wAPBQUmTW-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2025 10:44:23
Nº Rexistro: 22506
Data envío: 28/03/2025 10:44:23.723

PP | PARLAMENTO DE GALICIA

**Noelia Pérez López na data 28/03/2025 10:35:29**

**Víctor Baladrón Lamas na data 28/03/2025 10:35:42**

**José Luis Ferro Iglesias na data 28/03/2025 10:35:51**

**Katherinie Varela Fernández na data 28/03/2025 10:36:09**

**Cristina Campero Dorado na data 28/03/2025 10:36:20**

**José Mato Díaz na data 28/03/2025 10:36:45**

**Enrique Barreiro Sánchez na data 28/03/2025 10:36:56**

**Juan Manuel Casares Gándara na data 28/03/2025 10:37:18**

**Ángel Rodríguez Conde na data 28/03/2025 10:37:27**

**Cecilia Vázquez Suárez na data 28/03/2025 10:37:39**

**Nicole Grueira Fernández na data 28/03/2025 10:37:48**

CSV: REXPG-wNPBOUmTW-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA

(0024867) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 24867
Data envío: 05/05/2025 16:06:54.506

PSG PSOE Grupo Parlamentario Socialista

**Á MESA DO PARLAMENTO**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa da deputada **Lara Méndez López,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en **Pleno** do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central e a proposta de resolución que se presenta en relación coa rebaixa do nivel de protección do lobo (12/PNP-001817, doc. núm. 22506)

**Emenda de modificación**

Débese modificar a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

"O Parlamento de Galicia acorda, como Resolución, manifestar o seu apoio á rebaixa do nivel de protección do lobo aprobada na Convención de Berna a petición da Unión Europea en decembro do 2024 e, deste xeito, restablecer o equilibrio entre a preservación desta especie e as actividades gandeiras desenvolvidas no rural.
Asemade, insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para que apoie ás comunidades autónomas no desenvolvemento das accións oportunas e que sexan precisas para a xestión do lobo e coas que defender os intereses dos gandeiros."

Santiago de Compostela, 5 de maio do 2025

CSV: REXPG-eD24BNy1c-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 24867
Data envío: 05/05/2025 16:06:54.506

PSG PSOE
Grupo
Parlamentario
Socialista

**Asinado dixitalmente por:**

**Lara Méndez López na data 05/05/2025 15:50:36**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 05/05/2025 15:50:47**

CSV: REXPG-eO24BNyIc-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

(0024912) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2025 18:09:59
Nº Rexistro: 24912
Data envío: 05/05/2025 18:09:59.521

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **22506 (12/PNP-001817)**, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central e a proposta de resolución que se presenta en relación coa rebaixa do nivel de protección do lobo, que figura na orde do día da sesión plenaria convocada para os vindeiros 6 e 7 de maio de 2025.

**Emenda de substitución**

Substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

"O Parlamento insta a Xunta a poñer en marcha, a partir do segundo semestre do ano 2025, as seguintes actuacións previstas no Plan de xestión do lobo:

**1. Factores que afectan a conservación da especie.**

- Elaboración de protocolos de recollida de información sobre o lobo e dunha base de datos con información biolóxica e de xestión actualizada.

-Realización dun estudo sobre factores que afectan á conservación da especie e nomedamente sobre mortandade por causas non naturais.

-Actualización dunha base de datos e protocolos de actuación ante casos de envelenamentos e outras prácticas de control ilegais.

-Implantación dos mecanismos necesarios para previr, detectar e combater os casos de envelenamento e outras prácticas de control ilegais.

-Estudo e análise do efecto barreira das infraestruturas.

CSV: REXPG-mtCxaoIMb-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2025 18:09:59
Nº Rexistro: 24912
Data envío: 05/05/2025 18:09:59.521

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Pasos de fauna e medidas correctoras en infraestruturas viarias.

-Adopción de medidas correctoras nos puntos negros das estradas.

-Impacto dos parques eólicos na ecoloxía e o comportamento do lobo.

-Creación de equipos especializados para realizar os traballos destinados ao control de cánidos.

**2. Prevención e compensación dos danos á gandaría.**

-Fomento e incentivo da aplicación de métodos de prevención dos ataques de lobos nas explotación gandeiras.

-Seguimento e valoración da eficacia de distintos métodos de prevención de danos para o gando en réxime non extensivo.

-Seguimento e valoración da eficacia de distintos métodos de prevención de danos e consideracións eco-etolóxicas para o gando en réxime extensivo.

-Divulgación aos gandeiros sobre os distintos métodos de prevención de dano.

-Análise e definición de danos recorrentes.

-Aprobación dos criterios para a valoración de danos.

-Fomentaranse aqueles traballos e actuacións encamiñados a achegar información que permita mellorar a tramitación das solicitudes e o traballo de valoración das comisións provinciais do programa de axudas aos gandeiros polos danos ocasionados polos lobos, entre as que se prevé un protocolo de recollida de información dos danos.

-Elaboración dun informe anual da situación dos danos e difusión de resultados. Anualmente elaborarase un informe, ao cal se dará difusión pública, sobre o total de danos producidos, número e tipo de reses afectadas (tipo de gando e idade), distribución

CSV: REXPG-mtCxaoMb-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2025 18:09:59
Nº Rexistro: 24912
Data envío: 05/05/2025 18:09:59.521

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

espacial e temporal destes danos e contía económica. Nel teranse en conta as solicitudes presentadas e as aprobadas, e incluiranse tamén os danos ocasionados por cans e os de autoría indeterminada.

-Avaliación e seguimento do sistema de axudas.

Realización dun seguimento técnico do sistema de axudas.

Establecemento dunha gradación do volume de danos que se poden soportar e de directrices de xestión referidas ás distintas zonas.

Sistema graduado de pagamento de danos á gandaría.

As axudas para paliar os danos producidos polo lobo reduciranse ou denegaranse para aqueles posibles beneficiarios que non se corresponsabilicen na adopción das medidas preventivas que se fixen nas correspondentes ordes de axudas para evitar estes danos.

**3. Información, educación ambiental e sensibilización.**

-Realización dun plan de comunicación, educación, concienciación e participación completo sobre o lobo, evitando a estigmatización da especie.

-Publicación dos resultados dos estudos realizados en Galiza sobre o lobo.

-Publicación dun folleto informativo sobre a realidade do lobo.

-Publicarase unha versión resumida do Plan de xestión do lobo en Galicia dirixido á poboación en xeral. Ademais, publicaranse versións resumidas do plan dirixidas especificamente aos distintos sociais implicados.

-Publicación de materiais didácticos sobre o lobo, destinado aos diferentes niveis do ensino obrigatorio.

-Desenvolvemento de xornadas, seminarios e congresos sobre o lobo.

CSV: REXPG-mtCxaoMb-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2025 18:09:59
Nº Rexistro: 24912
Data envío: 05/05/2025 18:09:59.521

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Elaboración dun enlace oficial do lobo na páxina web da consellería competente en materia de medio ambiente. Crearase na páxina web da consellería competente en materia de ambiente un enlace directo para acceder á información sobre o Plan de xestión do lobo, as axudas para paliar os danos causados polo lobo, así como para a adopción de medidas preventivas, os mecanismos e medidas que se poden implantar para a prevención de danos, problemas que afectan directamente a conservación do lobo, situación actual desta especie en Galiza e os estudos realizados nesta materia.

-Divulgación nos medios públicos das actuacións desenvolvidas pola consellería competente en materia de medio ambiente sobre a xestión e conservación do lobo en Galiza.

-Creación dun foro galego sobre o lobo. Crearase un foro galego sobre o lobo no cal estean representados todos os sectores relacionados co lobo en Galicia, onde terá lugar o intercambio de experiencias e a participación de todos os sectores sociais implicados.

-Realización dun estudo sobre o comportamento e a resposta da sociedade respecto ao lobo. Realizarase un estudo sobre o comportamento e a resposta da sociedade respecto ao lobo, que será empregado para avaliar a efectividade do Plan de xestión en canto á redución da conflitividade social e aumento da tolerancia do lobo, e que servirá de base para deseñar futuras actuacións en función dos cambios de actitude que se producisen. Os resultados deste estudo poderán ser empregados tamén como criterios de zonificación.

**4. Posta en valor do lobo e aproveitamento turístico.**

Co fin de modificar a percepción que desta especie ten unha parte da sociedade, porase en valor a figura do lobo como parte importante do noso patrimonio natural e

CSV: REXPG-mtCxaoMb-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2025 18:09:59
Nº Rexistro: 24912
Data envío: 05/05/2025 18:09:59.521

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cultural. Para tal efecto, levaranse a cabo as actuacións que sexan necesarias e que vaian encamiñadas á recuperación, compilación e conservación do patrimonio cultural asociado ao lobo, e a consellería competente na materia realizará un inventario dos monumentos, edificios e obras de arte nos cales estea presente dalgunha maneira o lobo.

-Desenvolvemento de actuacións destinadas a recuperar, recompilar e conservar o patrimonio cultural asociado ao lobo.

-Inventario das trampas para lobos (foxos) en Galiza e propostas de conservación ou recuperación.

-Identificación e designación de zonas onde sexa factible o desenvolvemento dun aproveitamento turístico sustentable.

-Posta en valor das estruturas cinexéticas tradicionais.

-Información aos promotores do sector sobre o potencial turístico do lobo e control de iniciativas ao respecto. Promoverase o aproveitamento racional do lobo como recurso turístico, para o cal se identificarán e se designarán as zonas onde sexa factible o aproveitamento turístico do lobo e/ou do seu patrimonio cultural asociado, poñendo en valor a presenza desta especie na zona, así como as construcións e tradicións ligadas ao lobo e os elementos tradicionais de protección do gando.

-Creación dun centro de interpretación do lobo. A súa función será contribuír á conservación do lobo mediante a divulgación social e a educación ambiental, asociándose a actividades turísticas.

**5. Coordinación e participación dos sectores implicados.**

-Participación dos sectores implicados na xestión e conservación do lobo en Galiza.

-Realización de reunións con carácter anual entre os distintos órganos da Xunta.

CSV: REXPG-mtCxaoMb-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2025 18:09:59
Nº Rexistro: 24912
Data envío: 05/05/2025 18:09:59.521

bng
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Creación dun equipo técnico de asesoramento relacionado co lobo. Constituirase un comité de asesoramento para a xestión e conservación do lobo, que estará integrado por científicos e profesionais de recoñecida competencia nesta materia.

-Definición das liñas básicas de actuación conxunta entre Asturias, Castela e León, Galicia e Portugal.

**6. Seguimento do Plan.**

-O seguimento do Plan de xestión do lobo en Galicia realizarase no marco do Observatorio Galego da Biodiversidade. Sen prexuízo do anterior, correspóndelle á consellería competente en materia de ambiente vixiar e garantir o cumprimento deste plan.

- Co fin de avaliar as actuacións desenvolvidas e o grao de cumprimento dos obxectivos previstos no Plan de xestión do lobo en Galicia, a dirección xeral con competencias en materia de conservación da natureza emitirá, con carácter anual, un informe ao respecto.

Asemade, a Xunta aprobará no prazo máximo de tres meses unha actualización do calendario de actuacións previsto no Plan de Xestión do lobo e dotará os orzamentos necesarios para levar a cabo as medidas do Plan, mediante modificacións orzamentarias no presente ano 2025 e consolidando en posteriores orzamentos partidas específicas para cada unha das liñas do Plan.

Por último, o Parlamento insta a Xunta a demandar do goberno central e da UE o incremento das dotacións orzamentarias de fomento da gandaría en extensivo, da conservación da biodiversidade e da convivencia do lobo coa actividade gandeira, de

CSV: REXPG-mtCxaoMb-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2025 18:09:59
Nº Rexistro: 24912
Data envío: 05/05/2025 18:09:59.521

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

maneira que se recoñeza, valore e compense as súas funcións sociais, económicas, culturais e ecosistémicas."

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Bará Torres na data 05/05/2025 17:52:01**

**CSV:** REXPG-mtCxaoMb-8
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

**4.4 12/PNP-001829(0022562)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Miguel Ángel Viso Diéguez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Rubén Lorenzo Gómez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Noelia Pérez López
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Cristina Sanz Arias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Deza Martínez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Encarnación Amigo Díaz
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Miguel Fidalgo Iglesias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Felisa Rodríguez Carrera
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Ángel Rodríguez Conde
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Borja Verea Fraiz

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha en relación coa política que está a desenvolver a Unión Europea para a obtención de materias primas estratéxicas e, concretamente, co proxecto da mina de litio de Doade

PARLAMENTO DE GALICIA

(0022562) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 22562
Data envío: 28/03/2025 18:52:22.956

PP | PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Rubén Lorenzo Gómez, Noelia Pérez López, Cristina Sanz Arias, María Deza Martínez, María Encarnación Amigo Díaz, Miguel Fidalgo Iglesias, María Felisa Rodríguez Carrera, Ángel Rodríguez Conde, Borja Verea Fraiz e Miguel Ángel Viso Diéguez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**

**<u>Exposición de Motivos</u>**

Existe un conxunto de materias primas que se consideran fundamentais polo seu elevado risco de subministración e tamén debido á súa aplicabilidade en industrias como a: eléctrica, dixital, construción, transporte, química ou alimentaria, entre outras moitas.

En consecuencia, o acceso ás mesmas é esencial para a economía da Unión Europea e para o funcionamento do mercado interior, máis aínda cando, con frecuencia, a súa orixe está nun reducido número de terceiros países.

Conscientes desta necesidade e desta dependencia do exterior, que é precisa atallar máis aínda ante o actual contexto xeopolítico, en abril de 2024, a Unión Europea aprobou o Regulamento 2024/1252, do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se establece un marco para garantir unha subministración segura e sostible de materias primas fundamentais.

Unha norma que fixa obxectivos de mellora das capacidades europeas de extracción, procesado e reciclado de materias primeiras para que a entidade poida cubrir, polos seus propios medios, un 10%, 40% e 25% das súas necesidades anuais, respectivamente, e non depender dun só terceiro país para máis do 65% da subministración de calquera materia prima estratéxica de aquí a 2030.

Por outro lado, hai que ter presente que a nosa Comunidade conta con recursos naturais minerais de enorme valor, como o tántalo, o magnesio, o cobre ou o litio, que a sitúan nun punto estratéxico a nivel europeo, polo tanto, parece adecuado que dunha forma sostible e respectuosa coa nosa contorna, os usemos para xerar beneficios sociais e económicos, é dicir, emprego e riqueza en Galicia.

CSV: REXPG-…
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 22562
Data envío: 28/03/2025 18:52:22.956

PP | PARLAMENTO DE GALICIA

No marco desta estratexia a Comisión Europea vén de seleccionar sete proxectos en España, un deles a mina de litio de Doade, para a extracción, procesado e reciclado de materias primas como estratéxicos para a Unión Europea, o que lles permitirá beneficiarse de mellor financiamento europeo e nacional e maior rapidez para obter permisos co fin de reducir a dependencia dos 27 nesta área. Fortalecendo así a economía galega, a través da xeración de emprego e fixando poboación no rural.

Con esta nova medida a Unión Europea busca, polo tanto, gañar autonomía á hora de procurar materias primas consideradas estratéxicas como o litio, níquel, silicio, platino, cobre, boro ou grafito e para os que, en moitas ocasións, depende dun único provedor.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1º- Recoñecer a importancia das materias primas fundamentais e das materias primas estratéxicas para reforzar a autonomía estratéxica e reducir a dependencia do exterior.

2º- Tramitar o proxecto da mina de Doade consonte á normativa actual, incluídas as esixencias do Regulamento europeo de materias críticas, e sen ningún menoscabo ambiental, de tal xeito que unicamente o proxecto poida ser aprobado se cumpre con toda a normativa, especialmente a medioambiental.

3º- Non posicionarse a favor ou en contra do proxecto da mina de Doade en tanto non haxa un pronunciamento dos técnicos competentes na materia"

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 28/03/2025 18:48:33**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 28/03/2025 18:48:52**

**Noelia Pérez López na data 28/03/2025 18:48:55**

CSV: REXPG-EhIIuANoM-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 22562
Data envío: 28/03/2025 18:52:22.956

PP | PARLAMENTO DE GALICIA

**Cristina Sanz Arias na data 28/03/2025 18:49:28**

**María Deza Martínez na data 28/03/2025 18:49:36**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 28/03/2025 18:50:05**

**Miguel Fidalgo Iglesias na data 28/03/2025 18:50:17**

**María Felisa Rodriguez Carrera na data 28/03/2025 18:50:37**

**Ángel Rodríguez Conde na data 28/03/2025 18:50:43**

**Borja Verea Fraiz na data 28/03/2025 18:51:13**

**Miguel Ángel Viso Diéguez na data 28/03/2025 18:51:15**

CSV: REXPG-EhtkuANoM-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

(0024906) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2025 17:52:58
Nº Rexistro: 24906
Data envío: 05/05/2025 17:52:58.440

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Xosé Manuel Golpe Acuña**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **22562 (12/PNP-001829)**, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha en relación coa política que está a desenvolver a Unión Europea para a obtención de materias primas estratéxicas e, concretamente, co proxecto da mina de litio de Doade, que figura na orde do día da sesión plenaria convocada para os vindeiros 6 e 7 de maio de 2025.

**Emenda de adición**

Engadir no primeiro punto da parte resolutiva o seguinte texto in fine:

"Declarando as materias primas esenciais como bens estratéxicos sometidos ao control e aproveitamento público."

**Emenda de adición**

Engadir no segundo punto da parte resolutiva o seguinte texto in fine:

"Estas garantías ambientais deben ser motivo de informes periódicos de situación e acompañados das correspondentes analíticas tanto de augas como de afectación á flora e fauna."

CSV: REXPG-A1foYWIS2-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2025 17:52:58
Nº Rexistro: 24906
Data envío: 05/05/2025 17:52:58.440

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Emenda de adición**

Engadir un novo punto 4 na parte resolutiva co seguinte texto:

"4º- Esixir aos promotores un plan industrial asociado, no que se peche o ciclo do litio en Galiza, e concretamente na provincia de Ourense co fin de crear, meirande riqueza, meirande valor engadido e posicionar a Galiza como referente europeo en materia de almacenamento enerxético."

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2025

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**
Deputado do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Golpe Acuña na data 05/05/2025 16:44:29**

**Ana Pontón Mondelo na data 05/05/2025 16:44:35**

**CSV:** REXPG-A1loYWtSZ-8
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

**4.6 12/PNP-001865(0022960)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - José Ramón Gómez Besteiro
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Silvia Longueira Castro
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Julio Ernesto Abalde Alonso

Sobre a proposta de resolución que se presenta en relación co apoio ao uso da lingua galega no Parlamento Europeo

PARLAMENTO DE GALICIA

(0022960) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2025 12:47:49
Nº Rexistro: 22960
Data envío: 04/04/2025 12:47:49.848

PSG PSOE Grupo Parlamentario Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado-portavoz, **José Ramón Gómez Besteiro**, e da súa deputada e do seu deputado **Silvia Longueira Castro** e **Julio Ernesto Abalde Alonso**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición** non de lei para o seu debate en **Pleno**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Unión Europea constitúe un espazo no que conviven 24 linguas oficiais. O número de linguas oficiais da Unión Europea foi crecendo conforme se incrementaron o número de países membros. Tanto no Tratado da Unión Europea, como na Carta de Dereitos Fundamentais, así como na lexislación derivada, existe unha sólida base xurídica de aposta polo multilingüismo.

Respondendo tanto á realidade lingüística plural española como á vontade política maioritaria, ao longo do ano 2024 o Goberno de España solicitou ao Consello Europeo que o galego, o catalán e o vasco sexan recoñecidos como linguas oficiais da Unión Europea, e ao Parlamento Europeo que se permite o uso da lingua galega, ademais do catalán, e o vasco na Eurocámara.

Desde a súa creación, a Unión Europea foi incorporando progresivamente novas linguas á súa lista de idiomas oficiais, en consonancia co artigo 3 do Tratado da UE, que establece que "a Unión respectará a riqueza da súa diversidade cultural e lingüística…". A inclusión do galego nesta lista trasladaría ao ámbito europeo a realidade lingüística de España, permitiría que a lingua galega tivese presenza en institucións que representan a máis de 450 millóns de persoas e suporía un recoñecemento á súa plena vixencia nun mundo globalizado, onde conviven diversas identidades e culturas.

CSV: REXPG-5NxWGRK2u4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2025 12:47:49
Nº Rexistro: 22960
Data envío: 04/04/2025 12:47:49.848



O Parlamento de Galicia non pode permanecer á marxe deste debate, coma se lle resultase alleo, xa que nel reivindícase o recoñecemento dunha lingua que forma parte esencial da identidade desta Comunidade e na que se expresan os galegos e as galegas. Como cidadáns da Unión Europea, cremos que a oficialización do galego nas súas institucións é un paso natural, que reflicte a normalidade lingüística e o exercicio dun dereito que nos corresponde por formar parte deste gran espazo de integración, tolerancia e entendemento.

O recoñecemento do galego como lingua oficial da Unión Europea representaría un avance significativo na promoción da identidade social e cultural de Galicia, reforzando os seus vínculos a nivel internacional. Por este motivo, é fundamental que o apoio á lingua conte co maior respaldo posible.

Recentemente foi coñecido que o Partido Popular, unha vez máis, se posicionou en contra do recoñecemento do galego como lingua oficial da Unión Europea. O seu vicepresidente no Parlamento Europeo, ten a posibilidade de sumarse a esta iniciativa, demostrando que a defensa do galego non está entre as súas prioridades. De momento o Partido Popular non actúa en prol do galego. Xa ocorreu no Congreso e no Senado, onde en primeiro lugar houbo un posicionamento contrario e despois vimos como realmente os deputados populares facían uso das linguas cooficiais no Congreso. Non debe ocorrer o mesmo en Europa. A defensa do galego non se pode facer dubitativamente, a cidadanía galega merece un presidente de Galicia que defenda o galego en Europa.

O presidente da Xunta elixiu facer uso do galego na súa intervención no Comité Europeo das Rexións. A cidadanía galega ten dereito a coñecer cal é a posición real do Partido Popular sobre galego e se de verdade defende o galego en Europa. Aquí ten unha oportunidade de expresar o seu apoio e resarcirse do rexeitamento que mantén no Parlamento Europeo ao uso do galego. Non é posible defender o non ao galego e logo empregalo. A posición

CSV: REXPG-5NxWGRKZu-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2025 12:47:49
Nº Rexistro: 22960
Data envío: 04/04/2025 12:47:49.848



debe clarificarse e o Parlamento de Galicia é a institución que ten a obriga de expresar o posicionamento político do pobo galego.

Se o galego obtén a oficialidade que o Goberno de España solicitou, os e as eurodeputadas poderán utilizalo con tradución garantida, sen que isto supoña un custo excesivo para Europa. Isto non é só unha cuestión técnica, é unha cuestión de dignidade e igualdade de dereitos.

Os gobernos vasco e catalán están a apoiar activamente esta medida, mentres que o Goberno de Galicia segue calado e buscando escusas. O presidente da Xunta fala de pacto pola lingua, pero cando chega o momento de defendela dentro do seu partido, cala. Non se pode falar de consenso sen defender o galego onde sexa necesario e iso implica saír a defender o galego en Europa.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia acorda:

1) Apoiar o uso do galego no Parlamento Europeo, e instar aos órganos con capacidade de decisión na materia á toma en consideración da habilitación do uso do galego no Parlamento Europeo.

2) Dar traslado aos grupos políticos representados no Parlamento Europeo deste posicionamento político en prol do uso do galego na Eurocámara.

Santiago de Compostela, a 4 de abril do 2025

CSV: REXPG-5NxWGRKZd-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2025 12:47:49
Nº Rexistro: 22960
Data envío: 04/04/2025 12:47:49.848

Grupo Parlamentario Socialista

**Asinado dixitalmente por:**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 04/04/2025 12:45:11**

**Silvia Longueira Castro na data 04/04/2025 12:45:23**

**Julio Abalde Alonso na data 04/04/2025 12:45:31**

CSV: REXPG-5NxWGRK2u-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

(0024143) Solicitude corrección erros

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 24143
Data envío: 14/04/2025 16:20:29.155

PSG PSOE Grupo Parlamentario Socialista

**Á MESA DO PARLAMENTO**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado-portavoz, **José Ramón Gómez Besteiro**, e da súa deputada e do seu deputado **Silvia Longueira Castro** e **Julio Ernesto Abalde Alonso,** solicita a esa Mesa a seguinte corrección de erros no documento con número de rexistro **22960**, advertido un erro en dito documento.

**Corrección de erros**:

Na parte resolutiva da proposición non de lei onde di:

"O Parlamento de Galicia acorda:";

Debe dicir:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:"

Santiago de Compostela, a 14 de abril do 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 14/04/2025 16:19:18**

**Silvia Longueira Castro na data 14/04/2025 16:19:26**

CSV: REXPG-A1H4S86Z-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 24143
Data envío: 14/04/2025 16:20:29.155

PSG PSOE Parlamento de Galicia | Grupo Parlamentario Socialista

**Julio Abalde Alonso na data 14/04/2025 16:19:34**

CSV: REXPG-A1H4586rZ-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

(0024918) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2025 18:17:55
Nº Rexistro: 24918
Data envío: 05/05/2025 18:17:55.718

PP | PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**O Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa do deputado **Jose Luis Ferro Iglesias,** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esta Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia **22960 (12/PNP-001865)** sobre "a proposta de resolución que se presenta en relación co apoio ao uso da lingua galega no Parlamento Europeo", que forma parte da orde do día da sesión plenaria do 6 de maio de 2025

**Emenda de Adición**

Débese engadir ao final do primeiro punto da parte resolutiva e despois de "no Parlamento Europeo" o seguinte texto: ", sempre que non supoña un custo extraordinario para os Orzamentos Xerais do Estado"

De tal xeito que o acordo quedaría como segue:

"O Parlamento de Galicia acorda:

1) Apoiar o uso do galego no Parlamento Europeo, e instar aos órganos con capacidade de decisión na materia á toma en consideración da habilitación do uso do galego no Parlamento Europeo, sempre que non supoña un custo extraordinario para os Orzamentos Xerais do Estado.

2) Dar traslado aos grupos políticos representados no Parlamento Europeo deste posicionamento político en prol do uso do galego na Eurocámara.

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2025

**Asinado dixitalmente por:**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: REXPG-xHRwCEMwu-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2025 18:17:55
Nº Rexistro: 24918
Data envío: 05/05/2025 18:17:55.718

PARLAMENTO DE GALICIA

**Alberto Pazos Couñago na data 05/05/2025 18:14:01**

**José Luis Ferro Iglesias na data 05/05/2025 18:14:04**

CSV: REXPG-xHRwOEMwu-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA